


## \*BRÁ (SAN MARTIÑO)



Trátase dunha parroquia cunha superficie de 4,3 km<sup>2</sup> localizada ao norte do concello. Posúe 26 habitantes repartidos en 5 entidades de poboación (Brá, A Cafúa, Os Campos, A Camposa e San Martiño). A súa densidade de poboación é de 6,05 hab/km<sup>2</sup>.



**FRIOL**  
**PQ. BRÁ**

Neste caso, o lugar deulle nome á parroquia. O topónimo de **Brá** ten unha orixe difusa baseada na evolución do antropónimo *Veranus* (derivado de *Verus*) cara as versións que aparecen nomeadas en varios documentos medievais como poden ser os Tumbos de Sobrado. Nestes aparecen referencias a este lugar como *Berane confessus* ou *Villa Verani/Berani*. Por outra banda no Tombo de Celanova, encontraríanse os antropónimos Bera e Berane, ambos de procedencia desconocida.

En canto aos lugares, **A Cafúa** proviría, ao igual que o termo *la cafúa* (empregado coloquialmente nos países de Uruguay e a Arxentina como sinónimo de cárcere) do latín *caveola* que é un diminutivo de *cavea* (cova). Da mesma base latina deriva *gayola*, que se relaciona directamente co significado que se lle atribúe a cafúa no ámbito sudamericano. Por outra parte, Nicandro Ares proporciona outra posible orixe na que o topónimo sería unha variante de *cafuga* «caseta pequena feita fóra do pobo» (Xosé Luís Franco Grande, 1968: 202).

**Os Campos** e **A Camposa** teñen sendas raíces no latín *campus* «terreo chan no que medra herba». Concretamente, no caso de **A Camposa** referiríase a un «lugar no monte onde nace a herba de forma espontánea» (RAG).

Por último, **San Martiño** refírese ao patrón da parroquia, ao que se lle dedica o día o 11 de Novembro. Provéen de *Sanctus Martinus Turonensis*, San Martín de Tours, patrón dos soldados e tamén de certos países coma Francia e Hungría ou de cidades coma Ourense.

\*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Etnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis